

Os primeiros anos: Ferrol-Compostela

Ricardo Carvalho Calero

Ferrol, 30/10/1910



Ricardo Carvalho Calero naceu na rúa San Francisco do Ferrol Vello, o 30 de outubro de 1910.

Nesta cidade vive os seus primeiros anos e inicia a formación académica na escola de dona Marina. No colexio dirixido por Manuel Comellas (autor dramático galego) prepara o exame de bacharelato.

De cativo, acode ao teatro e a outros actos culturais, comeza a escribir os primeiros textos literarios e xornalísticos e coñece intelectuais como Xaime Quintanilla.

Aos 16 anos, marcha a Compostela e matricúlase en Filosofía e Letras e Dereito. En 1927 ingresa no Seminario de Estudos Galegos (onde se relaciona cos mestres do Grupo Nós) e loita pola galeguización da Universidade desde a Federación Universitaria Escolar (FUE).

En 1931, licénciase en Dereito e participa na fundación do Partido Galeguista. Volve a Ferrol e, tras conseguir unha praza de funcionario no concello, casa en 1933 con María Ignacia Ramos (que tamén escribiu, co pseudónimo de María Silgar).

Nesta etapa publica as súas primeiras obras e escribe en Nós, A Nosa Terra e outras revistas e xornais.

n.º 1



17 maio **Letras Galegas 2020**



#aculturasegue



Xacobeo 2021 galicia



A guerra e a posguerra

Ricardo Carvalho Calero

Militante do Partido Galeguista a favor do Estatuto de Autonomía de Galicia

Ricardo Calero

n.º 2

En 1935, Carvalho Calero acada a súa segunda licenciatura, en Filosofía e Letras. Ao ano seguinte, participa de forma activa no labor do Partido Galeguista a prol do Estatuto de Autonomía de Galicia (xa elaborara un anteproxecto de estatuto xunto con Lois Tobío).

En xullo, viaxa a Madrid para opositar a profesor de bacharelato e alí é sorprendido polo comezo da Guerra Civil.

Decide unirse ao exército republicano na defensa da cidade. Tras un tempo de formación en Valencia, é destinado a Andalucía. En Xaén, cae prisioneiro e condénano a doce anos de cárcere.

Regresa a Ferrol dous anos despois, en liberdade condicional. Inhabilitado para acceder a empregos públicos, sobrevive dando clases no ensino privado.

Tras a intensa actividade literaria e xornalística da preguerra, continua a escribir, mais só pode publicar textos illados (co pseudónimo de Fernando de Cadaval, entre outros).



17 maio **Letras Galegas 2020**



#aculturasegue



Xacobeo 2021 galicia



Fingoi e a Universidade

Ricardo Carvalho Calero

**Director
e docente no colexio
Fingoi / Lugo**

Ricardo Carvalho Calero

n.º 3

En 1950, o empresario Antonio Fernández López ofrécelle a posibilidade de ser profesor e conselleiro delegado nun centro privado de Lugo, o Colexio Fingoi.

Alí traballará durante case quince anos e desenvolverá as súas facetas de literato, estudoso e dramaturgo.

Nesta etapa tamén participa na creación da Editorial Galaxia (1950) e ingresa na Real Academia Galega (1958).

Desde 1965, compaxina o labor docente na Universidade de Santiago de Compostela (será o seu primeiro catedrático de Lingüística e Literatura Galega) e no Instituto Rosalía de Castro da mesma cidade.

Nos oitenta defenderá as teses reintegracionistas (que apoian a unión ortográfica da familia lingüística galego-portuguesa) nos debates sobre a normativa da lingua galega.

Xubilase en 1980, mais continuará dedicándose á escrita, con novas publicacións de narrativa e poesía, edicións revisadas da súa obra anterior e artigos en revistas e xornais.

Falece o 25 de marzo de 1990 en Santiago de Compostela.



17 maio Letras Galegas 2020



#aculturasegue



Xacobeo 2021 galicia



Autor total

Cultivou todos os xéneros literarios con brillantez

Ricardo Carvalho Calero

Poeta



Ricardo Carvalho Calero é o prototipo de autor total, pois cultivou todos os xéneros literarios con brillantez. No entanto, será a poesía o xénero co que se iniciou na literatura e que practicou ao longo de toda a súa vida.

Esta destaca polo clasicismo (mostra da súa ampla formación), a densidade no contido, o intelectualismo e a preocupación pola forma.

Obsérvase unha clara evolución desde os poemas de preguerra, máis próximos aos movementos de vangarda (hilozoísmo, creacionismo e neotrobadorismo sobre todo), aos de posguerra, con maior influxo do existencialismo.


FERROL 1916

Cinco duros pagábamnos de aluguer.
Era un terceiro andar, ben folgado.
Pola parte de atrás daba ao Campiño,
e por diante à rua de San Francisco.

No segundo vivía a miña tia aboa:
tiña unha peza cheia de paxaros disecados
que só abría os días de festa
para que os nenos disfrutásenos nela.

Ainda vivía a miña nai
e todos os meus irmáns vivían,
e enfrente traballaba o señor Pedro o toneleiro,
e a grande tenda de efectos navais mantiña o seu trafego.

n.º 4



17 maio Letras Galegas 2020



ILS FERROL VELLO

#aculturasegue



Xacobeo 2021

galicia



XUNTA DE GALICIA

De *Vieiros* a *Reticências*, poesía completa

Ricardo Carvalho Calero

Poeta



A súa obra poética pódese resumir en catro títulos (un deles, unha antoloxía de obras anteriores):

- *Preterito imperfecto*: contén a poesía publicada entre 1927 e 1961 (*Vieiros*, *O silenzo axionllado*, *Anxo de terra*, *Poemas pendurados de un cabelo* e *Salterio de Fingoy*).
- *Futuro condicional*: recolle os poemas escritos entre 1961 e 1980.
- *Cántigas de amigo e outros poemas*: inclúe composicións escritas entre 1880 e 1885.
- *Reticências...*: publicación póstuma, compila os seus últimos textos.

SE AVALON É A ILHA DAS MAÇÁS,
eu quero ir a Avalon, e dormir esperando-te
todo o tempo preciso, para que me ofereças
alguma noite o fruto que me negas agora.
Recuperada a tua alma de fada,
hás-me tratar con magnanimidade,
e dormirás comigo sob a maceira
paradisiáca, sem medo à repressom
de invejosas potências ou ciumosos poderes.
Será um sonho gentil, sem mágoa, sem remorsos.
Um sonho como a vida, como a morte.
Por isso eu quero ir a Avalon, a Ilha
das Fadas e as Maças.

n.º 5



17 maio Letras Galegas 2020



#aculturasegue



Xacobeo 2021

galicia



XUNTA DE GALICIA

A xente da Barreira

Primeira novela en galego da posguerra

Ricardo Carvalho Calero
Narrador


Ricardo Carvalho Calero

En 1950, a editorial Bibliófilos Gallegos convoca un concurso literario para premiar unha novela de temática galega e escrita en lingua galega ou castelá.

Carvalho Calero gaña este certame coa obra *A xente da Barreira*, que sairá do prelo en 1951 e se converterá na primeira novela publicada en galego despois da Guerra Civil.

A xente da Barreira iniciará a lenta consolidación do xénero narrativo en galego. Moi ligada coa narrativa de preguerra, en particular coa de Otero Pedrayo, reproduce a vida dunha familia da fidalguía rural galega no cambio do século XIX ao XX.

n.º 6



17 maio **Letras Galegas 2020**



#aculturasegue



Xacobeo 2021

galicia



XUNTA DE GALICIA

Scórpido

Unha das mellores novelas do século XX en galego

Ricardo Carvalho Calero

Narrador

Ricardo Calero


A segunda novela de Carvalho, considerada pola crítica unha das súas mellores creacións e mesmo unha das mellores obras do século XX galego, é *Scórpido*.

Cunha fonda pegada autobiográfica, *Scórpido* narra a vida dun mozo ferrolán que estuda na Compostela do primeiro terzo do século XX e acaba loitando no bando republicano durante o conflito bélico.

Publicada en 1987, en plena madurez literaria do autor, destaca como novela histórica (pois é o retrato dunha xeración, a da mocidade universitaria truncada pola guerra), mais tamén pola modernidade da técnica (cun narrador múltiple en primeira persoa que se corresponde co personaxe que protagoniza cada capítulo).

"As persoas que nacen entre o 24 de Outubro e o 22 de Novembro, vem a luz sob o signo de Scórpido. As que nacen entre o 23 de Novembro e o 22 de Dezembro, vem a luz sob o signo de Sagitário. Entre os rapazes de sexto curso do colégio, que acabamos de obter o grau de bacharel, todos sabíamos qual era o noso signo, e soíamos nomear-nos por el. Eu som Sagitário. Rafael Martínez é Scórpido."

n.º 7



17 maio **Letras Galegas 2020**



IES FERROL VELLO

#aculturasegue



Xacobeo 2021 galicia



Autor e director teatral co seu alumnado

Ricardo Carvalho Calero

Dramaturgo

Ricardo Calero

Coincidindo coa súa estada no Colexio Fingoi de Lugo, Carvalho desenvolverá outra das dúas grandes paixóns: o teatro. Esta afección viñalle da infancia, cando acudía ao Teatro Jofre ferrolán á representación de obras en galego e noutras linguas.

En Fingoi escribirá e representará co alumnado as súas obras, entre as que podemos salientar *Farsa das zocas* (a máis popular, baseada nun conto recollido en San Sadurniño), *A árbore* (sobre o tema bíblico da árbore da ciencia), *O auto do prisioneiro* (unha peza existencialista de contido filosófico) ou *Os xefes* (un drama político).

Como el mesmo dicía, en Fingoi "o director consagrou unha dedicación particular ao teatro, e chegamos a ter un grupo de actores dos que podemos estar satisfeitos".

n.º 8



17 maio **Letras Galegas 2020**



ILS FERRÓL VELLO

#aculturasegue



Xacobeo 2021 galicia



Historia da literatura galega

Ricardo Carvalho Calero

Estudoso da lingua e literatura galegas

Ricardo Calero


Outra faceta destacada de Ricardo Carvalho Calero (moi relacionada co seu labor docente) é a de estudoso da lingua e da literatura galega.

A súa obra máis salientábel neste ámbito será a magna *Historia da literatura galega contemporánea*, que ve a luz en 1963, logo de anos de traballo de investigación, e que segue a ser un estudo básico da nosa crítica literaria.

De grande importancia son tamén a *Gramática elemental del gallego común* (1966), a máis completa até o momento; *Sobre lingua e literatura galega* (1971) ou os *Estudos rosalianos* (1979).

Carvalho Calero foi e é todo un referente neste campo e o feito de ser o primeiro catedrático de Lingüística e Literatura Galega na Universidade de Santiago de Compostela converteuno en ensinante e mestre de toda unha xeración de profesorado da nosa lingua.

n.º 9



17 maio Letras Galegas 2020



#aculturasegue



Xacobeo 2021 galicia



Depósito legal: C 509-2020

Posición lingüística reintegracionista

Ricardo Carvalho Calero

Defensor da integración do galego na familia lingüística galego-portuguesa

Ricardo Carvalho Calero


O tema máis polémico en relación con Ricardo Carvalho Calero foi o do seu compromiso co reintegracionismo. Como el mesmo dicía na revista *O Ensino*:

“Todo o mundo sabe que eu profeso en materia lingüística as ideas tradicionais, as ideas de Castela, e como esas ideas son contrarias ás ideas que reinan no mundo oficial, no aspecto cultural, pois, non tenho muito predicamento, ao parecer, dentro dessas esferas. Consideram-me como um herege”.

Tras participar na redacción das primeiras normas ortográficas e morfolóxicas da RAG (1970-1971), preside a comisión que elaborará a proposta codificadora da Xunta de Galicia en 1979. Porén, esta foi anulada e en 1982 aprobáronse as *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego (ILG-RAG)*.

Desde entón, acentúase a súa defensa da corrente reintegracionista. Por este motivo, é nomeado membro de honra da Associação Galega da Língua (AGAL), que hoxe en día segue a defender esta proposta lingüística.

n.º 10



17 maio Letras Galegas 2020



#aculturasegue



Xacobeo 2021 galicia

